

UNHA NEGOCIACIÓN CHEA DE INCERTEZAS

Dende que se iniciou a negociación do Convenio de Banca, CCOO advertiu de que, como o de Aforro e Rurales, a súa continuidade está en serio perigo por culpa da Reforma Laboral e pola actitude de AEB para baleirar de contido, recortar e ata eliminar moitos dos nosos dereitos salariales e de condicións de traballo.

A finais de Xullo, as propostas da AEB e dos sindicatos quedaron sobre a mesa sen atisbo de acordo. Para atopar un posible escenario de acordo, ambas partes nos demos un periodo de reflexión.

Pero, como diría Augusto Monterroso, “cando espertou, o dinosauro seguía alí”, é dicir, a nove de Setembro seguimos no mesmo punto, aínda que nesta reunión AEB suscitou profundar na exploración das posibles alternativas para 'modernizar' o Convenio, discutindo novamente os cinco grupos de temas importantes, onde se centran as maiores discrepancias.

Polo que poida ter de posibilidade de achegar posturas, de que AEB recoñeza que a súa estratexia lévalle unicamente ao conflito e non a conseguir as súas pretensións, CCOO propuxemos tamén e así o aceptou o resto de sindicatos e a patronal, un calendario acelerado e un formato reducido de comisións de traballo. A próxima reunión da Mesa será o 14 de outubro.



Pero o Convenio perde a súa vixencia o 31/12/2015, quedámonos sen Convenio, por efectos da Reforma laboral. Se neste mes non somos capaces de atopar as alternativas posibles, de desbloquear a negociación, o que pasa por unha muda da postura da patronal, voltaremos ao momento de partida, a **considerar inevitable a mobilización e, ata, a convocatoria de folga en todo o sector.**

Seguimos traballando, seguiremos informando.



**Es tiempo de avanzar
Es tiempo de un buen convenio**